

INFORMACIÓN PARA ALUMNADO DE PRuebas LIBRES PARA A OBTENCIÓN DE TÍTULOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL LOE

EN QUE CONSISTEN?

Son probas que permiten obter directamente as titulacións de **Técnico/a** (Grao Medio) ou **Técnico/a Superior** (Grao Superior) sen necesidade de cursar os módulos dos ciclos formativos correspondentes, a excepción de FCT e Proxecto.

DIFERENZAS COA MATRÍCULA DE ADULTOS A DISTANCIA

Á diferenza respecto ás ensinanzas a distancia, é que estas duran todo o curso escolar e o alumnado conta con profesorado que imparte a programación a través dunha aula virtual. O alumnado segue un procedemento de avaliación continua e cada módulo cumpre cunhas horas de presencialidade (titorías) e con exames habitualmente, presenciais.

Nas probas libres, os exames son no mes de xuño, non existe procedemento de seguimento e avaliación continua das aprendizaxes e o alumnado non conta con profesorado para preparar esa programación.

CANDO SE CONVOCAN?

As probas libres son convocadas **anualmente** pola Consellería, **no mes de abril** de cada curso (ver calendario de admisión da Consellería). As probas teñen lugar no mes de xuño (consultar calendario de exames en cada centro), co fin de lles posibilitar ás persoas aspirantes a participación no proceso de admisión de ciclos formativos do seguinte curso académico.

QUE CICLOS TEÑEN PRUBAS LIBRES?

Teñen probas libres os **títulos LOE**, cunha oferta vinculada á oferta de ciclos formativos de grao medio e superior de cada centro. **O ciclo medio “Coidados auxiliares de enfermaría” ao ser LOXSE, non é obxecto de probas libres en Galicia.**

NO CIFP POLITÉCNICO DE LUGO HAI PROBAS LIBRES?

No CIFP Politécnico de Lugo realízanse probas libres dos ciclos e módulos de títulos de grao medio e grao superior que se ofertan, agás o título de grao medio “Coidados auxiliares de enfermaría”.

QUE REQUISITOS SE PRECISAN?

Para presentarse ás probas libres compre ter os **mesmos requisitos académicos establecidos para acceder a esas ensinanzas** e ter polo menos 18 anos, para optar aos títulos de técnico e ter 20 anos, para optar aos títulos de técnico superior, ou 19 anos no caso de posuír xa o título de técnico.

SE NON TEÑO REQUISITOS ACADÉMICOS DE ACCESO, PODO PRESENTARME ?

No caso de haber prazas vacantes, logo de resolto o proceso de admisión, poderán inscribirse a módulos asociados a unidades de competencia e sempre que sexan **persoas adultas** sen cumprir os requisitos académicos de acceso, **sempre que teñan acreditada unha experiencia laboral equivalente ao traballo completo de dous anos nunha actividade laboral directamente relacionada co sector profesional do ciclo formativo.**

PODO MATRICULARME EN PROBAS LIBRE SE XA TEÑO UNHA MATRÍCULA EN FP?

Excepcionalmente, no caso de haber vacantes, logo de resolto o proceso de admisión, poderán matricularse nas probas libres:

- As persoas matriculadas polo réxime de persoas adultas en módulos profesionais do mesmo ciclo formativo:
- Sempre que os teñan suspensos de cursos académicos anteriores e non se atopen matriculadas neles no curso académico de realización da proba.
- Ata un **máximo de tres módulos profesionais** de ciclos que se estean a cursar polo dito réxime, sempre e cando non estean matriculadas neles no mesmo curso de realización da proba.
- As persoas que superasen o módulo de Formación en centros de traballo, e no caso dos ciclos de grao superior tamén o módulo de Proxecto, nos períodos extraordinarios de setembro-décembro e de xaneiro-marzo, do mesmo curso escolar en que teña lugar a convocatoria de probas libres.

PODO PRESENTARME ÁS PROBAS LIBRES SE CAUSEI BAIXA NUN CICLOS NESE MESMO CURSO?

Non, a convocatoria establece como requisito de inscrición, non ter causado baixa no correspondente curso académico. Tampouco é posible a inscrición no caso de renuncia. Só sería posible, no caso dunha anulación de matrícula (nos primeiros días de clase).

PODO PRESENTARME ÁS PROBAS LIBRES EN DIFERENTES CENTROS?

Non, só é posible matricularse nun centro, pero no momento da solicitude de admisión, poden solicitarse varios centros nos que se oferte ese ciclo.

PODO PRESENTARME ÁS PROBAS LIBRES DUN CICLO DISTINTO AO QUE ESTOU MATRICULADO?

Non, en cada convocatoria anual só é posible examinarse de módulos dun único ciclo.

CAL É O PERIODO PARA INSCRIBIRSE NAS PROBAS?

Aínda que as datas exactas, saen coa convocatoria anual, son sempre dentro da **segunda quincena do mes de abril**.

QUE SIGNIFICA OFERTA VINCULADA A, B, C?

A oferta de prazas en probas libres está vinculada coa oferta coa que se imparten os ciclos en cada centro, sendo 10 as prazas por cada réxime e modalidade na que se imparte o ciclo. Así se un ciclo se oferta nun centro nas opcións A, B, C será que haberá 10 prazas na opción A (réxime ordinario), 10 prazas na opción B (réxime adultos presencial) e 10 prazas na opción C (réxime adultos a distancia).

Na solicitude de admisión podemos solicitar un ciclo por orde de preferencia de admisión en cada unha das opción vinculadas que se oferte nun centro, é decir, podemos solicitar o mesmo centro nas opción A,B, C se así se oferta.

CAL É O PERIODO PARA MATRICULARSE?

Aínda que as datas exactas, saen coa convocatoria anual, son sempre dentro da **primeira quincena do mes de maio**.

COMO FACER UNHA SOLICITUDE?

Poderase facer a través do **asistente web** cubrindo a solicitude (www.edu.xunta.gal/ciclosadmission).

Tamén se poderá resolver empregando un **documento (Anexo I)** disponible no portal de FP e presentalo na secretaría de calquera centro público de formación profesional con oferta de probas libres para a obtención de títulos LOE, malia que non sexa o centro elixido en primeira opción.

MATRÍCULA E VALIDACIÓNS

Unha vez admitido/a nun ciclo, deberás formalizar a matrícula no centro no que fuches admitido/a e no prazo establecido.

Xunto coa matrícula poderás solicitar a validación de módulos profesionais sempre que sexan validacións que resolva o centro educativo (por ter cursados outros ciclos LOXSE ou LOE ou a partir de unidades de competencia acreditadas) e non se poderán solicitar as que resolve o Ministerio (por estudos universitarios ou títulos FP I, FP II, Lei do 70).

SE SOLICITO VALIDACIÓN DE MÓDULOS TEÑO QUE PRESENTARME ÁS PROBAS DESES MÓDULOS?

As resolucións de validacións **teñen que estar resoltas antes do primeiro día hábil do mes de xuño**. Neste caso xa non terás que presentarte ás probas.

Pero os certificados de validación adoptan entregarse na **xornada de acollemento** previa ás probas, polo que si terás que acudir a dita xornada, para recoller a resolución á validación solicitada.

As persoas que estean pendentes de validación nalgún módulo profesional deberán presentarse á proba do correspondente módulo profesional. Se a confirmación da validación é posterior ás avaliacións finais, deberanse facer as dilixencias oportunas de modificación da cualificación en todos os documentos oficiais.

Non terán validez as resolucións de validación para as persoas que causasen baixa na proba.

QUE É A XORNADA DE ACOLLEMENTO?

É unha reunión grupal de todas as persoas matriculadas nas probas libres que ten lugar no centro donde se van examinar co obxectivo de informar e aclarar dúbidas sobre o desenvolvemento das probas.

A asistencia a dita xornada é obrigatoria. A data e hora de dita xornada publicarase na páxina web do centro.

As persoas que non asistan ou non xustifique a súa ausencia en prazo, causarán baixa de oficio nas probas o que implica que non poderán presentarse. Tampouco terán validez as resolucións de validacións de módulos resoltas.

EN QUE DATAS SON AS PROBAS?

Serán na **primeira quincena do mes de xuño**. O calendario publicarase na páxina web do centro.

COMO SON AS PROBAS?

Para cada módulo haberá unha proba sobre os **contidos teóricos** e outra proba sobre os **contidos prácticos** que son eliminatorias (as persoas que non superen a parte teórica, non pasarán á práctica).

CANDO SE PUBLICAN AS NOTAS

As notas publicaranse **no taboleiro de anuncios do CIFP** (as teóricas o último día da semana de probas teóricas e as finais o último día da semana de probas prácticas).

A cualificación final correspondente da proba de cada módulo profesional será a media aritmética das cualificacións obtidas en cada unha das partes, expresada con números enteiros (entre un e dez), redondeada á unidade máis próxima.

No caso das persoas aspirantes que suspendan a segunda parte da proba práctica, a puntuación máxima que poderá asignarse será de catro puntos.

QUE PASA SE NON ME PRESENTO A ALGÚN MÓDULO NO QUE ESTOU MATRICULADO?

A falta de asistencia inxustificada a calquera proba (teórica ou práctica) dun módulo no que se formalizou a matrícula, **conleva a baixa de oficio na matrícula** de probas libres (significa que non se terá en conta ningunha cualificación, nin siquera de módulos aprobados).

QUE CAUSAS PODEN XUSTIFICAR A AUSENCIA Á XORNADA DE ACOLLEMENTO OU A UNHA PROBA?

Neste caso o centro valorará as circunstancias presentadas na xustificación desas faltas, cuxa aceptación será acorde co establecido no correspondente NOF (

Normas de organización e funcionamento) do centro e sempre que dito xustificante se presente antes da data da convocatoria á que se presente.

As circunstancias que permiten xustificar a ausencia son:

- Enfermidade grave do/a alumno/a ou dun familiar de 1º ou 2º grao.
- Morte dun familiar de 1º ou 2º grao.
- Revisións, consulta ou tratamentos médicos do/a alumno/a na xornada lectiva.
- Concorrer a exames ou outras probas oficiais.
- Deber inescusable de carácter público.

POR ONDE PREPARAR AS PROBAS LIBRES?

Por tratarse dunha proba libre, o centro non ten a obriga de facilitar materiais de estudo dos módulos. Só ten obriga de publicar, antes do inicio do período de matrícula, unha programación de proba libre de cada módulo elaborada polo profesor/ora que o imparte o módulo ese curso.

ONDE SE PUBLICAN AS DATAS DAS PROBAS?

O centro publicará **na páxina web do centro** o calendario e o horario de realización das probas, e dará a información que se considere de interese xeral para ditas probas.

HAI UN LÍMITE DE CONVOCATORIAS NAS PROBAS?

Non existe límite de convocatorias nas probas libres, a diferenza dos ciclos ordinarios ou de adultos.

SE SUPERO TODOS OS MÓDULOS DUN CICLO A TRAVÉS DAS PROBAS LIBRES, COMO FAGO CO PERIODO DE FCT (FORMACIÓN EN CENTROS DE TRABAJO) E MÓDULO DE PROXECTO (NOS CICLOS SUPERIORES)

A formación en centros de traballo terá que realizala de maneira presencial. Para iso debes matricularte dese módulo (e do módulo de Proxecto nos ciclos superiores) nas datas de matrícula dese módulo (podes facelo en calquera centro donde se imparta o ciclo) unha vez superados o resto de módulos do ciclo.

*Lembra que a normativa sempre prevalece sobre calquera información. Esta páxina contén información extraída da actual normativa polo **Departamento de Información e Orientación Profesional do CIFP POLITÉCNICO DE LUGO**. Calquer dúbida ou contradición se resolverá atendendo á normativa vivente.*